

O vindeiro venres 12 de novembro, ás 19:30 horas, o Salón de Actos da Casa da Cultura de Verín acolle a presentación da obra “Mudar o Mundo. Na procura dun novo paradigma para uma humanidade” de Artur Afonso Novelhe.

«Transformar o estado de guerra, competencia, en que aínda habita a humanidade» Baixo esta premisa, Alonso Novelhe navega no seu libro a través das diferentes épocas históricas e as súas achegas a unha lenta, pero inevitable, transformación dunha humanidade focalizada na ganancia material, e que basea a súa supervivencia, na dicotomía “dominar ou ser dominado”. En definitiva, unha civilización que vive baixo unha errada interpretación da clásica visión darwinista do dominio dos mellores adaptados ao medio, cun predominio da mente habilidosa, e servidora do ego, en detrimento dunha mente ética, ao servizo do ben común, da xustiza e a virtude, esquecendo as achegas de “Axuda Mutua” estudadas por Kropotkin. Nesta obra, o lector coñecerá algunha das claves para lograr este cambio de paradigma.

Artur Alonso Novelhe

Naceu na cidade do México, o 21 de Xuño de 1964. Participou no Comité de Solidariedade coa América Latina e na AGAL (Asociación Galega da Lingua). En 2011, ingresou como membro numerario da AGLP (Academia Galega da Lingua Portuguesa). Ex-director IGESIP (Instituto Galego de Estudos Internacionais e da Paz), integra o Consello Consultivo do MIL (Movemento Internacional Lusófono) e o Grupo dos Poetas Vivos da Galiza, entre outras entidades, como o Círculo de Escritores Moçambicanos na Diáspora, de que é Membro Honorário. Recibiu o XVIII Premio de Poesía “ Feliciano Rolán”, en 2004, na cidade galega da Guarda. Obtivo unha Mención especial do Xurado no XXVI Premio Mundial de Poesía Nosside, en 2010. Colabora en diversas publicacións: Portal Galego da Lingua, Revista Incomunidade, Nós Diario, Revista Identidades, Palabra Común e Revista Elipse. Ten varios libros publicados: de poesía, teatro, prosa e ensaio.